

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º CURSO

EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA

CURSO 2019-20

(Con adaptacións en negriña para o terceiro trimestre, segundo a orde do 27 de abril)

ÍNDICE.

- 1.- Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave**
- 2.-Procedementos de avaliación.**
- 3 Criterios de cualificación.**
- 4.-Actividades de reforzo/recuperación**
- 5.-Metodoloxia**
 - Materiais e recursos didácticos.....**
- 6.- Procedementosn de información e publicidade.**
- 7.- Anexos**

1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMO ESIXIBLE

Área: CIENCIAS DA NATUREZA

Criterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
B2.2 Relacionar os hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso coa saúde e coa enfermidade.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.	CMCCT CSC	Identifica a adecuada alimentación coa boa saúde.
B3.1. Ler e realizar as actividades didácticas do libro de texto do terceiro trimestre a modo informativo, como unha primeira aproximación a eses temas	CNB3.1.2. Le e entende os diferentes contidos do tema e é quen de facer un pequeno resumo de cada tema	CM CT CCL	Le e realiza as diferentes actividades
B4.2. Realizar experiencias sinxelas propostas en cada tema a modo de experimentación para asegurar aprendizaxes e comprobar hipóteses	CNB4.2.1. Realiza experiencias propostas no tema do libro de texto,	CMCCT CAA CSIEE	É quen de expresasr de forma oral a experiencia que realiza

Área: CIENCIAS SOCIAIS

Crterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
B1.2. Traballar en equipo cun adulto ou individualmente e adoita un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, mediante as tics	CAA	Participa nas actividades de grupo propostas na clase.
B2.1. Ler e realizar as actividades didácticas de cada tema do terceiro trimestre a modo informativo, como unha primeira aproximación a eses tema a traves do libro de texto	CSB2.2 le e entende os contidos do tema e é quen de facer un pequeno resumo despois da lectura	CL SC IE	Le e realiza as diferentes actividades
	CSB2.1.2 Comprende e expresa as ideas principais do texto, asi como un pequeno resumo	CL SC IE	Ler e definir as ideas principais do texto e ser quen de facer un pequeno resumo.
B3.2. Identificar as funcións e servizos de diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algúns dos servizos do Concello.		Identifica as funcións dos diferentes organismos do concello.
B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución dos obxectos, persoas, feitos ou acontecementos.	CSB4.3.1 Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou	CMCCT CSC	Ordena cronoloxicamente sucesos e acontecementos no tempo para construír a súa historia persoal.

Área: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Craterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula e do traballo na casa a través de medios dixitais	LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos -exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE	Participa activamente nas actividades de tipo oral que se levan a cabo na aula.
• B1.9. Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa, ofrecendo intercambios comunicativos cos mestres	LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas....	• CCL • CAA • CSIEE	Elabora distintos tipos de textos adecuados á súa idade.
	• LCB1.9.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente	• CCL	Fala cunha coherencia elemental.

	<p>elemental.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE 	
<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descriptivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación tanto de maneira presencial como a distancia 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA 	<p>Escribe diferentes tipos de textos, atendendo á proposta feita e respectando as normas ortográficas dadas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros, e fai intercambios comunicativos a través dos medios dixitais 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<p>Valora os seus traballos escritos e os dos compañeiros.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Aplicar os coñecementos gramaticais básicos sobre a estrutura da lingua, (categorías gramaticais), para favorecer unha comunicación máis eficaz como unha primeira aproximación á 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo de maneira 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>Emprega as normas gramaticais básicas.</p>

gramática	introdutoria.		
• B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas nas súas realizacións para favorecer unha comunicación máis eficaz.	• LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	• CCL	Utiliza signos de puntuación e normas ortográficas traballadas na aula.
• B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas, a través da participación familiar e do traballo persoal na casa.	• LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	• CCL • CCEC	Valora os recursos literarios de tradición oral: poemas, cancións,..
• B5.5. Reproducir, con axuda, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos: contos e poemas, xa sexa de maneira oral ou escrita ou en soporte informático	• LCB5.5.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	• CCL • CAA • CSIEE • CCEC	Crea pequenos textos a partir de pautas dadas.

Área: MATEMÁTICAS

Criterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.	CMCT	Recoñece os números ordinais na lista da clase.
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	CMCT CAA CCL	Comprende o valor posicional das cifras.
	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT	Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
	MTB2.2.4. Identifica os números pares e os impares.	CMCT	Recoñece os números pares e impares.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados	CMCT CAA	Fai sumas e restas na resolución de problemas.
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA	Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.

	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental	CMCT CAA	Resolve operacións con cálculo mental.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	CMCT CAA	Utiliza estratexias persoais para resolver problemas de diferentes tipos.
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas cotiás	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)	CMCT	Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos).
B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	CMCT CAA CSC	Coñece o valor das distintas moedas e billetes que conforman o euro e resolve problemas con diñeiro.
B4.2. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	CMCT CAA	Identifica e distingue diferentes polígonos en obxectos cercanos.

Área: PLÁSTICA

Craterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
<ul style="list-style-type: none"> • B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo seguindo instrucións proporcionadas por medios informáticos e combinando con outras áreas como a música. 	<ul style="list-style-type: none"> • EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	<p>Amosa interese polo traballo individual e colabora no de grupo.</p>

Área: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Craterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
<ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. 	<ul style="list-style-type: none"> • VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC 	<p>Participa con interese na resolución de conflitos.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> • VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCL 	<p>Expón algúns problemas de convivencia.</p>

Área: LINGUA GALEGA E LITERATURA

Craterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	• LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes	• CCL • CD • CAA	Comprende a información relevante de documentos audiovisuais axeitados á súa idade.
B1.6 Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais	• LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	• CCL • CAA	Usa fórmulas de tratamento adecuadas na súa vida social: saudar, escusarse,...
• B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	• LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.	• CCL • CAA	Descodifica textos diversos.
	LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.	CCL	Le textos sinxelos en voz alta coa velocidade adecuada.
	LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.	• CCL CSC	Fai lecturas dramatizadas.
• B2.6. Amosar interese	• LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura	• CCL	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de

<p>polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.</p>	<p>como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CCEC 	<p>comunicación e de lecer.</p>
<p>• B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese.</p>	<p>• LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>Elixo os libros en función dos seus intereses e gustos.</p>
	<p>• LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CC 	<p>Expresa os seus gustos lectores e di porque.</p>
<p>• B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</p>	<p>• LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CAA 	<p>Produce e reescribe textos cotiás.</p>
	<p>• LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE 	<p>Elabora textos con coherencia.</p>
	<p>• LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>Usa os signos de puntuación básicos: punto, coma, dous puntos, signo interrogativo e exclamativo.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC 	Usa correctamente as maiúsculas.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições e explicacións elementais 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE 	Compón textos sinxelos seguindo modelos.
<ul style="list-style-type: none"> • B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA 	Presenta os textos con limpeza, claridade e boa letra.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	Gústalle escribir.
<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e reconece nestes, enunciados, palabras e sílabas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	Recoñece sílabas e palabras.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	Diferenza sílabas nas palabras.
	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	Identifica os nomes propios e propios en textos ou palabras dadas.

	ou textos.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CCEC 	Coñece e aplica as normas ortográficas máis sinxelas nos seus escritos.
<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> • LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC • CD 	Le en silencio.

2.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

A **avaliación final** consistirá nunha avaliación do resultado. Valórase sobre todo o dominio das capacidades adquiridas os esforzos realizados e as aportacións dos traballos realizados na casa **no último trimestre**.

Empregaranse **instrumentos** que permitan determinar o éxito ou fracaso das programacións e do proceso de ensino-**aprendizaxe neste terceiro trimestre**, e serán: as **realizacións dos libros de texto cos que se traballe na casa para logo establecer as propostas de mellora necesarias para o curso seguinte**, e elaborar a memoria onde se recollerá toda a información pertinente.

Neste segundo nivel da etapa de Educación Primaria usaremos **procedementos para avaliar** ao noso alumnado, sobre todo no terceiro trimestre:

- **Observación e análise sistemática dos traballos realizados, comprobando que se aplican contidos ou destrezas anteriores na realización das mesmas.**
- **A correcta realización e o esforzo no traballo diario, información facilitada polas familias a través do contacto con medios dixitais.**

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

É necesario xerarquizar e organizar os procedementos de avaliación antes sinalados. O curso dividirse en tres trimestres e avaliaremos tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

No terceiro trimestre intentaremos adaptar os criterios á situación actual :

-Realizacións dos traballos recollidos nos libros de texto

-Avance nas destrezas básicas iniciadas nos outros trimestres anteriores.

Área de Matemáticas:

Chegando ata o final dos contidos como forma de ampliación de coñecementos anteriores que se practican a cotío nas novas actividades. Aínda así, intentaremos valorar somentes os dous trimestres anteriores comprobando que as actividades do terceiro trimestre están correctamente realizadas.

Áreas das Linguas e Ciencias Naturais e Ciencias Sociais

Nestas áreas valoraremos segundo estes criterios os dous primeiros trimestres e faremos a media aritmética na calificación final, unha vez comprobada a realización dos diferentes exercicios mediante a visualización por medios dixitais (tendo claro que hai aspectos que haberá que retomar o vindeiro curso, xa que as familias teñen diferentes niveis de formación para axudar aos escolares nas tarefas. Este será o caso

4.- ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN NO TERCEIRO TRIMESTRE:

ÁREA DE MATEMÁTICAS:

Programaranse actividades de **reforzo e ampliación dos contidos de todo o curso**, xa que son coñecidos e xa traballados polo alumnado no curso anterior e as familias contan cun nivel aceptable de dominio para poder axudar. Realizáronse os libros e cuadernilos do curso.

ÁREAS DE LINGUAS:

Traballaremos **no reforzo e ampliación na lectoescritura aplicando as normas de ortografía** coñecidas e resolvendo dúbidas para as novas nas diferentes fichas e actividades dos libros de texto, mediante mensaxes e comunicacións.

Traballaremos a **lectura comprensiva e a composición escrita** en todas as variables que se presentan no libro (narrativa, poesía, etc) na realización das actividades de cada tema e no libro correspondente ás lecturas.

A parte referida **á gramática será traballada pero non contará para a nota final**, xa que haberá que retomala no vindeiro curso.

ÁREAS DE CIENCIAS:

Traballáronse as actividades dos libros de texto ate o segundo trimestre, realizando a lectura e actividades de temas posteriores pero non avaliadas negativamente para a nota final, so serán a título informativo e de satisfacción de curiosidade.

ÁREA DE PLÁSTICA:

Realizaranse traballos manuais en coordinación coa área de música, como a construción de instrumentos musicais, composicións de murais, etc, que serán valorados positivamente a maiores dos anteriores trimestres.

5.- METODOLOXÍA , MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

A metodoloxía no terceiro trimestre consistirá no traballo persoal do alumnado recollendo da web do centro os exercicios a realizar co asesoramento do mestre ás familias a través de medios dixitais como correos electrónicos, grupos de whatsapp e a plataforma Abalar mobil.

Periódicamente o mestre facilitará un tema a realizar especificando o máis importante a realizar de ese tema e os aspectos secundarios, e irá resolvendo as dúbidas que puideran xurdir mediante videochamadas, mensaxes de whatsapp e correos electrónicos.

Ante a dificultade dalgúnha tarefa o mestre fará algún video-tutorial para explicar determinados aspectos que así o requiran.

A dispoñibilidade de medios electrónicos para comunicarse por parte das familias será comprobada dende un primeiro momento polo mestre, utilizando canles coma o whatsapp (co escaneado de diferentes temas e distribución por estes medios para a posterior impresión), reducindo así a necesidade de utilizar internet por exemplo. Por suposto non fara falla a impresión dos exercicios se chega con visualizalos na pantalla do pc.

As familias enviarán via internet as realizacións dos escolares para que o mestre valore a súa realización, sendo consciente de que non é o mesmo que valorar no momento da realización da tarefa estando presente.

Asimesmo o titor será tamén un aglutinador e difusor de contidos doutros mestres do curso ou actividades diferentes dos libros de texto, como por exemplo as actividades a realizar de maneira adaptada para as diferentes celebracións, así como os envíos doutros especialistas que interveñen co grupo se fora o caso.

Nas nosas clases utilizaremos distintos materiais didácticos ou outras materiais reais utilizados didacticamente.

Material impreso:

- Guías (profesorado)
- Libros da biblioteca
- Libros de texto, impresos e dixitais, da editorial Santillana

Ciencias da Natureza “Saber Facer”, Obradoiro-Santillana (1º e 2º trimestre)

Ciencias Sociais " Saber Facer", Obradoiro - Santillana. (1º e 2º trimestre)

Lingua Galega "Saber Facer". Obradoiro-Santillana (todo o libro do 3º trimestre, sendo conscientes de que fará falta repasar a parte gramática)

Lingua Castellana " Saber Hacer". Obradoiro- Santillana (idem)

Matemáticas "Saber Hacer ". Obradoiro- Santillana (libro 3º trimestre completo e cuadernillos incluídos)

Música

Lingua Inglesa: Stay Cool 2-Class Book. Activity Book

Relixión Católica: "Proxecto " Tobih". Rodeira - Edebé

Cadernos de traballo: Matemáticas 1, 2, 3.Saber Hacer.

Lecturas:CONTOS DE HOXE. Vicens Vives (lecturas completas con exercicios de comprensión)

Os recursos a utilizar no terceiro trimestre serán a utilización da páx. Web do centro, whatsapp, plataforma abalar mobil, chamadas telefónicas, blogs de departamentos, videotutoriais; a través deles faremos un sistema de comunicación de ida e volta coas familias, facilitando en calquera momento a comunicación e sendo flexibles e realistas nas diferentes situacións de ensino-aprendizaxe, asegurando aprendizaxes fundamentais e incidindo noutras de carácter máis secundario

6.PROCEDIMENTOS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE ÁS FAMILIAS

Usaranse todos os medios dixitais mencionados anteriormente, coa plataforma Abalar Mobil para a comunicación dos resultados académicoas as familias, os correos electrónicos, a páx. Web do centro e o sistema xade para a obtención do boletín de calificacións.

7.ANEXOS

AREA DE LINGUA INGLESA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto.	Comprende o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.
Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos	Comprende as preguntas do docente sobre os seus datos básicos, o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto.	Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas ou nos libros da clase.
Identificar o tema e sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con predominio de estruturas sinxelas e léxico de moi alta frecuencia, sobre temas moi coñecidos e cotiáns.	Relaciona correctamente palabras escritas coa imaxe correspondente.
Recoñecer os símbolos de uso frecuente, e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionadas cos mesmos.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para iniciarse na lectura .
Coñecer e aplica-las estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos.	Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: A través da observación sistemática e da análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: Mediante propostas de traballos individuais seleccionadas pola mestra.
Cualificación final	Considerará en conxunto as avaliaci3ns de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie o alumnado.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Repaso e reforzo
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste caso, a todo o alumnado lle é posible acceder a todos os traballos que enviamos por contar con acceso a Internet de forma permanente ou puntual.
Materiais e recursos	Plataforma de Google Classroom.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informamos mediante a plataforma AbalarMobil, a través da páxina web, empregando a dirección de correo electrónico ou mediante chamada telefónica, de ser o caso.
Publicidade	A través da páxina web do centro.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE, CAA, CCEC e CSC
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo	CSC, CSIEE, CCEC e CAA
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	CSC e CAA
	EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	CSC e CAA CAA □ CSC □ CSIEE
	EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	

<p>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</p> <p>EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación espacial.</p> <p>EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.</p> <p>EFB3.1.4. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</p>	<p>CSC, CCEC e CAA</p> <p>CSC, CCEE e CAA</p> <p>CSC, CCEE e CAA</p> <p>CSC, CAA e CCEC</p>
<p>B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</p>	<p>EFB5.1.3. Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.</p>	<p>CSC, CAA e CSIEE</p>
<p>B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.</p>	<p>EFB6.1.1. Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos.</p> <p>EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos de cooperación.</p>	<p>CSC, CSIEE e CAA</p> <p>CAA, CSIEE e CSC</p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Procedementos: A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no citado decreto, polo tanto terase en conta a 1º e 2º avaliación.
	<ul style="list-style-type: none"> • Instrumentos: Os instrumentos serán as notas do alumnado que se teñen recollidas dos dous primeiros trimestres, pois para a cualificación final do curso só terei en conta estes dous trimestres.
CUALIFICACIÓN FINAL	<ul style="list-style-type: none"> • Procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de recuperación: Non hai ningún alumno/a coa materia de Educación Física suspensa no curso, polo tanto non se deseñaron actividades de recuperación para o terceiro trimestre. • Actividades de repaso e reforzo: Non hai ningún alumno/a coa materia de Educación Física suspensa no curso, polo tanto de momento non se consideran necesarias estas actividades. • Actividades de ampliación: Non haberá actividades de ampliación dos contidos xa impartidos nos dous primeiros trimestres.
METODOLOXÍA	Polo de agora non se consideran necesarias as actividades de Educación Física para este alumnado, pero de ser necesarias máis adiante enviaránse mediante o uso do e-mail vídeos ou explicacións de diferentes xogos ou exercicios para que fagan no fogar.
MATERIAIS E RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> • Páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasantonovoa/ • Correo do mestre de Educación Física: tercerprimariasionlla@gmail.com • Contacto telefónico desde o centro (en caso necesario)

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

**INFORMACIÓN AO
ALUMNADO E
FAMILIAS**

Correo
Contacto telefónico (en casos excepcionais)

PUBLICIDADE

Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ÁREA DE RELIXIÓN

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Identificar na propia vida o desexo de ser feliz.</p> <p>Identificar boas maneiras de acoller un novo compañeiro/a.</p> <p>Sinalar e valorar as accións correctas dos bos amigos</p>	<p>Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.</p> <p>Valora e agradece que Deus o crease para ser feliz.</p>
<p>Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.</p> <p>Coñecer e valorar na vida dos Patriarcas os trazos de Deus Pai: protección, coidado e acompañamento.</p> <p>Identificar as actitudes de confianza e valoralas como crecemento persoal.</p> <p>Amosar unha actitude de amor e entrega aos demais no momento de ensinar algún coñecemento adquirido.</p> <p>Divertirse en xogos e reflexionar con sinceridade sobre a súa actitude neles.</p>	<p>Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.</p> <p>Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.</p> <p>Identifica e representa graficamente os dons que Deus lle fai ao home na creación</p>
<p>Identificar tempos litúrxicos con tempos de espera Saber situar algúns símbolos relixiosos nas festas do seu contorno</p>	<p>Recoñece e valora la necesidade da espera como actitude cotiá da vida</p>
<p>Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home.</p> <p>Sacar conclusións da ensinanza de Xesús.</p> <p>Comprender que Cristo amosa o seu amor presentándose como camiño para chegar a Deus.</p> <p>Amosar unha actitude caritativa cara ás persoas próximas que sofren algunha doenza</p>	<p>Descobre e nomea situacións nas que necesita ás persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.</p>
<p>Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.</p>	<p>Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo</p>

<p>Observar e comprender os signos presentes na liturxia bautismal</p> <p>Explicar o significado de símbolos cristiáns.</p> <p>Saber situar algúns símbolos relixiosos do seu contorno.</p> <p>Amosar unha actitude cristiá baseada no amor</p>	<p>Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.</p> <p>Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo ou aceite co seu significado sacramental.</p> <p>Mostra unha actitude cristiá baseada no amor.</p>
<p>Comprender que Xesús é o camiño para chegar a Deus.</p> <p>Saber aplicar os mandamentos da lei de Deus á vida cotiá.</p> <p>Amosarse aberto a darse conta das súas equivocacións e as dos demais; a pedir perdón e a perdoar.</p>	<p>Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno: perdoar e ser perdoado.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Seguimento da avaliación continua individualizada. Seguimento das tarefas realizadas polo alumnado. Valoración do esforzo realizado.
	Instrumentos: Ferramentas Tics, correo electrónico rúbricas.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e, para subir nota, valorarase o traballo realizado nesta última avaliación, tendo en conta as dificultades xeradas por esta situación, os traballos realizados dos alumnos e o seu esforzo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Todos temos cousas bonitas no noso interior que nos fan ser únicos e especiais, son as nosas esencias. Debuxa e escribe dentro do tarro todas aquelas cousas que te fan especial. Acode a el para lembrar que tes moitas calidades.- Xesús tiña moitos amig@s seguro que ti tamén tes. Debúxate xogando con el@s e escribe debaixo de cada quen o seu nome.- Inventa un símbolo para a vosa amizade. Coloréao. Escribe debaixo unha frase de forza e ánimo para tod@s.- Todos temos un lugar especial onde nos sentimos felices e libres. Cóntanos como é o teu. Debúxate nel, lendo o teu libro favorito en lingua galega.- Escoita a canción "El arca de Noé", deixo aquí o enlace, pincha nel e baila un rato. Despois colorea a ficha, corta polas liñas marcadas para facer un quebracabezas e xoga con ela cando queiras. https://www.youtube.com/watch?v=OCXrb6fsarc- Se ti foses Noé na túa arca salvarías.... Debuxa as persoas, animalíños, plantas u obxectos que ti salvarías.- Investiga sobre o teu bautismo, pregunta que día te bautizaron, que idade tiñas, cómo foi a cerimonia, despois debúxao.- Creación de símbolos: debuxa un símbolo para cada unha de estas palabras: perdón, amigo, feliz. Coloréao.- Nos froitos desta árbore terás que escribir palabras que che fagan feliz. Serías quen de escribir unha frase con elas?- Colorea o nome de María e escribe unha calidade súa que empece con cada unha das letras do seu nome.- Globos con mensaxes. Dentro destes globos tes que escribir un bo desexo para este verán.
--------------------	--

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía aplicada supón unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso, de xeito que se avalíe o nivel do logro acadado, tendo en conta as circunstancias excepcionais deste curso. Traballase fundamentalmente a través da utilización de ferramentas Tic, de xeito que lles sexa útil ao alumno na busca de información ou na resolución das tarefas plantexadas procurando a integración na súa vida como ferramentas de construción e manipulación que forman parte da cultura e que hai que aprender a dominar e integrar.</p>
Materiais e recursos	<p>Ferramentas Tics, recursos dixitais</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A través da comunicación coas titorías e por correo electrónico.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

ÁREA DE MÚSICA

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	<ul style="list-style-type: none"> • EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> • CECC • CAA
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	<ul style="list-style-type: none"> • EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais	<ul style="list-style-type: none"> • EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	<ul style="list-style-type: none"> • EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. • EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT • CAA
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo	<ul style="list-style-type: none"> • EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC

* Cabe mencionar que algúns estándares fálase de "en grupo" e debemos ter en conta que, debido a situación actual, é inviable levalo a cabo de maneira grupal, polo que pasará a facerse de maneira individual (ou co apoio familiar). Débese ter en conta o valor grupal e de colaboración que ten a materia de música. Moitas das actividades resultan difíciles de desenvolver na distancia e de xeito telemático.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Procedementos: A avaliación do terceiro trimestre farase seguindo as directrices asignadas no citado decreto, polo tanto terase en conta a 1º e 2º avaliación e de cara a avaliación final aquelas actividades achegadas polo alumnado telematicamente solo serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán prexudiciais para a avaliación. • Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a terceira avaliación, consistirán nuns seguimentos das actividades propostas que o alumnado enviará á mestra e que este corraxirá e devolverá polos medios axeitados para cada caso (ou ben empregará para facer presentacións/vídeos/montaxes, onde se amosen as tarefas entregadas). Rexistro de actividades online realizadas, para valoración positiva.
CUALIFICACIÓN FINAL	<ul style="list-style-type: none"> • Procedemento para obter a cualificación final de curso: A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará en conxunto as cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarse sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de recuperación: Non hai ningún alumno/a coa materia de música suspensa no curso, polo tanto non se deseñaron actividades de recuperación para o terceiro trimestre. • Actividades de repaso e reforzo: A maioría das actividades deseñadas son actividades deste tipo extraídas ou deseñadas pola mestra para reforzar os contidos xa traballados durante o 1º e 2º trimestre: <ul style="list-style-type: none"> ♪ Percusión corporal. ♪ Partituras interactivas en fruta. ♪ Xogos de ritmo con instrumentos caseiros (vasos, culleres...) ♪ Interpretación de cancións e danzas. ♪ Construción de instrumentos con material de refugallo. ♪ Actividades interactivas repasando contidos vistos: pasapalabra, bingos, preguntas... ♪ etc. • Actividades de ampliación: Propoñerei este tipo de actividades sempre e cando e só se son demandadas polo alumnado a través das

	familias.
METODOLOXÍA	<p>Para o desenvolvemento das actividades emprégase o blog da aula de música, xa activo dende o principio de curso.</p> <p>Nel explicaranse as tarefas para todo o alumnado do centro, a través de vídeos explicativos, presentacións e instrucións claras para o seu desenvolvemento. O alumnado poderá participar a través dos comentarios de cada entrada do <i>blog</i>.</p> <p>Tamén se empregará o e-mail da aula de música para a entrega voluntaria dos traballos que alí se propoñen, así como para a comunicación e resolución de dúbidas que as familias e o alumnado poida ter. Así mesmo, levarase a cabo un <i>feedback</i> da mestra coas familias, aportándolles apoio. A música pretende liberar do estrés, ademais de ser unha fonte inesgotable de aprendizaxes (non só musicais), o obxectivo fundamental debe ser desfrutar con ela.</p> <p>Así mesmo propoñeranse actividades en formato papel.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ♪ Páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasantosnovoa/ ♪ Correo da aula de música: asionllamusical@gmail.com ♪ Blog de aula: https://asionllamusical.blogspot.com/ ♪ Contacto telefónico desde o centro (en caso necesario)

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E FAMILIAS	<p>Correo</p> <p><i>Blog</i></p> <p>Contacto telefónico (en casos excepcionais)</p>
PUBLICIDADE	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.